En consecuencia, de conformidade co disposto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e de seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase a dotación orzamentaria que se establece na Orde do 4 de xuño de 2009 (DOG nº 112, do 10 de xuño), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas ás explotacións gandeiras, industrias agroalimentarias e establecementos de xestión de subprodutos para a mellora da capacidade técnica de xestión de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano, e se convocan para o ano 2009.

Segundo.-O incremento da dotación para o exercicio 2009, será de 1.714.319,84 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 49.02.713E.770.4 (código do proxecto 200800846, 1.714.319,84 euros), dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Terceiro.-Esta modificación non afecta o prazo que se establece para a presentación de solicitudes de axuda na devandita Orde do 4 de xuño de 2009.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 1 de outubro de 2009 pola que se fai pública a realización dun curso de posgrao interuniversitario sobre Empresa Pública e Emprego Público: un enfoque xurídico, económico e de valores.

A Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade Autónoma de Barcelona teñen previs-

to desenvolver un curso de posgrao «Empresa Pública e Emprego Público, un enfoque xurídico, económico e de valores».

A referida acción está relacionada coas accións formativas realizadas pola EGAP e resulta de interese para a formación e o perfeccionamento das/os empregadas/os públicas/os, nos termos da Resolución do 19 de novembro de 2008, pola que se establecen o procedemento e os requisitos de homologación de accións formativas por parte da EGAP.

O devandito curso desenvolverase de acordo coas seguintes bases:

Primeira.-*Solicitantes.*

Será requisito necesario para a realización deste curso estar cursando ou ter cursados estudos universitarios na data da convocatoria.

Segunda.-*Criterios de selección.*

A selección das/os aspirantes será efectuada por unha comisión académica designada para este efecto e que terá en conta a titulación ou estudos universitarios, os coñecementos previos no ámbito do emprego público, ou da empresa pública, no ámbito das relacións laborais, así como a experiencia profesional relacionada coa temática do curso; e de ser o caso, farase unha entrevista persoal.

Terceira.-*Características do curso.*

Duración: 300 horas (200 horas presenciais e 100 virtuais).

Lugar: EGAP, situada no polígono das Fontiñas, rúa de Madrid 2-4, 15707 Santiago de Compostela.

Datas: do 23 de outubro de 2009 ata o 9 de xullo de 2010 (os venres pola tarde) das 16.00 ás 20.00 horas.

Prazas: 35.

Cuarta.-*Obxectivos do curso.*

O obxectivo perseguido polo curso é implicarse decididamente na formación para a dirección das administracións públicas ou empresas públicas no contexto de valores actual.

Este curso desenvolve unha acción específica de formación de profesionais do emprego público e da empresa pública, onde a calidade é un factor horizontal, así como a formación en temas xurídicos e de valores utilizando ferramentas TIC.

Ademais, pretende facilitar unha potencial e eficaz cualificación profesional nun ámbito actual condicionado pola sociedade da información e das novas tecnoloxías, facilitándolle ás/aos empregadas/os públicas/os a posibilidade dunha maior accesibilidade á actualización profesional que lles facilite acadar maiores cotas de responsabilidade profesional.

O curso pretende:

-Facer accesible a formación de calidade na xestión e dirección no emprego público, e nas empresas públicas, utilizando as TIC.

-Contribuír a formar o alumnado na concepción das administracións e empresas públicas desde as ópticas económica, xurídica e de valores.

-Formar en tecnoloxías como instrumento profesional.

-Favorecer a familiarización co contexto do *e-learning* contribuíndo á implantación das TIC.

-Afondar no ámbito do coñecemento da empresa pública e do emprego público.

-Fomentar o respecto e a igualdade na actividade e nos empregos públicos.

Metodoloxía.

A metodoloxía utilizada é mixta, combínase a teleformación coa formación presencial.

Quinta.-*Contido*.

O curso estrutúrase nos seguintes módulos:

Módulo I: módulo de Empresa Pública.

1. Dirección da calidade.
2. Administración de empresas públicas e dirección de persoas.
3. Dirección comercial.
4. Comercio internacional.
5. Dirección financeira, análise e avaliación de proxectos.
6. A E-empresa pública.

Módulo II: módulo xurídico e de valores.

1. Empresa pública e emprego público: escenario e coordenadas actuais.
2. Dereito do traballo individual: o contrato de traballo.
3. Dereito do traballo colectivo: sindical.
4. O dereito procesual.
5. A Seguridade Social.
6. A prevención de riscos laborais.
7. A empresa pública e o emprego público: posibles valores.
8. A prevención de riscos laborais: diversas vías de aproximación.
9. Políticas sociolaborais no marco da igualdade.
10. A educación: implicación na empresa pública e no emprego público na sociedade actual.

Sexta.-*Destinatarias/os*.

O programa do curso vai dirixido a empregadas/os públicas/os das administracións públicas galegas, profesionais e interesadas/os que pretendan conseguir un maior coñecemento no ámbito da empresa pública e no ámbito das administracións públicas, e das relacións laborais no devandito ámbito.

Sétima.-*Pagamento da matrícula*.

O importe da matrícula é de 2.800 euros.

O pagamento da taxa de matriculación deberá efectuarse dentro dos 5 días seguintes á comunicación por parte da dirección do curso da aceptación das/os alumnas/os neste.

Oitava.-*Prazo de inscrición e presentación de instancias*.

O prazo para inscrición finalizará o día 20 de outubro.

Para inscribirse, as/os interesadas/os deberán enviar un *curriculum vitae* a adamaria.perez@rai.usc.es incluíndo necesariamente:

-Fotocopia do DNI.

-Orixinal ou copia cotexada do título de diplomada/o ou licenciada/o, ou estudos e experiencia profesional alegada.

-Documentación acreditativa dos méritos incluídos no currículo.

Igualmente poderán dirixirse ao enderezo electrónico sinalado anteriormente, para obter información sobre o curso; así como aos números de teléfonos 982 28 59 00 (ext. 24483) ou 935 81 22 77.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2009.

Pablo Figueroa Dorrego
Director da Escola Galega de Administración
Pública

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 29 de setembro de 2009 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de traballo vacantes na Secretaría Xeral da Igualdade.

De conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do

20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º da mesma lei, esta Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, os postos de traballo que se indican no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para os postos de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, sita nos edificios administrativos de San Caetano, número 1, Santiago de Compostela, nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe como anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán unir á súa solicitude un *curriculum vitae* xustificando documentalmente os méritos que aleguen.

Os méritos alegados e non probados da maneira sinalada no parágrafo anterior non se terán en conta.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupar o posto de traballo que se relaciona no anexo I desta orde, un/ha funcionario/a con destino noutras administracións, requirirase o informe favorable do departamento onde preste servizos, considerándose favorable de non emitirse no prazo de quince días, segundo o preceptuado no artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo. Unha vez tramitado o seu traslado a esta comunidade autónoma procederase a adxudicarlle o posto para o que foi seleccionado. Se no prazo de dous meses a partir da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, o/a funcionario/a seleccionado/a non se puidese incorporar á comunidade autónoma, considerárase deserto o posto e poderase proceder de novo á súa provisión.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderá, de considerarse oportuno, declararse deserto o posto de traballo.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se o destino anterior radica na mesma localidade do novo, e dun mes se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo. O prazo de toma de posesión empezará a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que se deberá producir dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial*

de Galicia, agás no caso de procedencia doutras administracións, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao da resolución de traslado á comunidade autónoma, co límite dos dous meses a que se fai referencia no punto quinto desta orde. Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, perante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderá impugnala directamente, á súa elección, perante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2009.

P.D. (Orde 20-5-2009)
Valeriano Martínez García
Secretario xeral da Presidencia

ANEXO I

Código do posto: VPA01.00.000.15770.027.

Denominación do posto: secretario/a.

Grupo: A1.

Nivel: 30.

Corpo ou escala: xeral.

Tipo de posto: S.

Código de adscrición ás administracións públicas: A11 (adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA.).

Formación específica: 640 (para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego-R.I.).

Dependencia: Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

Localidade: Santiago de Compostela.

Código do posto: VPA01.00.000.15770.001.

Denominación do posto: secretario/a (director/a).

Grupo: C1, C2.

Nivel: 18.

Corpo ou escala: xeral.

Tipo de posto: N.

Código de adscrición ás administracións públicas: A11 (adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA.).

Formación específica: 641 (para persoal doutra Administración, curso de iniciación de Galego-R.I.).

Dependencia: Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

Localidade: Santiago de Compostela.

ANEXO II
MODELO DE SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido		Segundo apelido		Nome	
DNI	Data de nacemento	Corpo ou escala a que pertence		Grupo	Nº de R.P.
Enderezo, rúa e nº		Provincia	Localidade	Teléfono	
DESTINO ACTUAL					
Consellería			Dependencia	Localidade	

SOLICITO: ser admitido/a na convocatoria para prover postos de traballo, polo sistema de libre designación, anunciada pola Orde, ao considerar que reúno os requisitos exixidos para tomar parte para o posto de traballo que se indica:

Designación do posto de traballo	Nivel c. destino	Centro directivo ou unidade de que depende	Localidade

Tempo de servizos prestados

No corpo actual	Anos	Meses	Días

Noutros corpos	Anos	Meses	Días
No actual posto de traballo			

Outros destinos anteriores	Anos	Meses	Días

Títulos académicos

.....

.....

.....

.....

Coñecemento da lingua galega	Fala	Escribe	Entende

Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria

.....

.....

.....

Outros méritos que o/a candidato/a desexa facer constar

.....

.....

.....

(Lugar, data e sinatura)

Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 30 de setembro de 2009, da Dirección Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dá publicidade á modificación de destino definitivo de persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos de ensino secundario, catedráticos de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de artes plásticas e deseño, profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño e inspectores de educación.

Mediante Resolución do 29 de maio de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* do 3 de xuño), da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, resolveuse definitivamente o concurso de traslados entre persoal funcionario docente do corpo de profesores de ensino secundario e outros, adxudicándosele destino definitivo ao profesorado que figura nos anexos da citada resolución.

Na publicación da dita resolución indicábase a posibilidade de interpoñer recurso de alzada contra ela.

Como consecuencia da estimación dalgúns dos recursos de alzada interpostos, determinados profesores vén modificado o destino definitivo como consecuencia da súa participación no concurso de traslados convocado por Orde do 3 de decembro de 2008.

Na súa virtude, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicos os destinos definitivos obtidos por estimación de recurso de alzada do profesorado de ensino secundario que a continuación se relaciona:

Apelidos e nome	DNI/NIF	Disciplina	Centro adxudicado
Simal Iglesias, Eulalia	44806849	Xeografía e historia	IES Félix Muriel-Rianxo (A Coruña)
Rodríguez Dorrego, Ana Delia	34999032R	Debuxo	IES Aquis Querquenis-Bande (Ourense)
Rodríguez Fernández, Mª del Pilar	44077378V	Debuxo	IES Fermín Bouza Brey-Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
Alonso Álvarez, Alba	44838767Z	Música	CPI do Feal- Narón (A Coruña)
Fernández Castro, Cristina	34261679M	Debuxo	IES de Monterroso-Monterroso-Lugo

Apelidos e nome	DNI/NIF	Disciplina	Centro adxudicado
Noda Plasencia, Mónica Elena	43790482T	Orientación educativa	CPI Uxío Novoneira-Pedrafita do Cebreiro-Lugo
Fernández Míguez, Mª América	32661076H	Matemáticas	CPI Monte Caxado-As Pontes de García Rodríguez-A Coruña

Segundo.-De conformidade co establecido na base vixésimo terceira da Orde do 3 de decembro de 2008, a toma de posesión dos novos destinos adxudicados, que deberá realizarse no departamento territorial correspondente, terá efectividade administrativa do 1 de setembro de 2009, polo que o cesamento, nos centros anteriores, se expedirá con efectividade do 31 de agosto de 2009.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

Resolución do 1 de outubro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se resolve definitivamente o procedemento para seleccionar o profesorado que poderá impartir docencia durante o curso 2009-2010 nos conservatorios superiores de música da Comunidade Autónoma de Galicia.

Publicada a lista provisional e resoltas as reclamacións, procede agora facer pública a baremación provisional dos méritos e a relación provisional de excluídos neste procedemento. Na súa virtude, esta dirección xeral

DISPÓN:

Primeiro.-Publicar o baremo definitivo do procedemento para o acceso á docencia, por especialidades, nos conservatorios superiores de música que figuran no anexo I.

Segundo.-Publicar a relación de excluídos definitiva en el anexo II, polas causas que se indican.

Terceiro.-Contra estas puntuacións definitivas poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

ANEXO I

Táboa de baremación de conservatorios superiores de música (Resolución do 12 de xuño de 2009)

Especialidade fagot												
Nome	Epígrafe 1	Epígrafe 2				Epígrafe 3		Epígrafe 5			Epígrafe 6	Total
		2.1	2.4	2.5	2.7	3.1	3.2	5.1	5.2	5.3		
Óscar Araújo Comesaña	2	0	0.5	-	-	2.1	-	-	0.9	-	3.5	9
Especialidade percusión												
Viçent Grau y Dfaz		-	-	-	-	1.45	-	0.60	0.30	-	3	5.35
Pablo Salguero Alonso	0	0	-	0	-	-	-	-	-	0.46	3	3.46
Especialidade trombón												
Iago Ríos Martínez	0	0.5	-	-	-	0.2	-	-	0.4	0.81	4.5	6.41
Arturo Centelle Fabado	4	0	0	-	0.3	1.05	-	-	-	0.47	4.5	10.32

ANEXO II

Apelidos e nome	DNI	Causas
Medina Vázquez, Daniel	44357903-B	Solicitud presentada fóra de prazo
Domínguez Domínguez, Lluís	52738043-D	Xa figura nunha listaxe anterior
Vidal Pereira, José Ramón	11072758-Y	Non reúne o requisito establecido na base segunda alínea a) da resolución da convocatoria.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 17 de setembro de 2009 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería, anunciada pola Orde do 17 de agosto de 2009 (Diario Oficial de Galicia número 167, do 26 de agosto).

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Traballo e Benestar, mediante Orde do 17 de agosto de 2009 (DOG nº 167, do 26 de agosto), de conformidade co establecido nas bases quinta e sexta da referida orde, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Adxudicarlle destino, no posto de traballo que se indica, á funcionaria que se expresa no anexo desta orde, seleccionada conforme o establecido nas bases da convocatoria, realizada por orde desta consellería do 17 de agosto de 2009.

Segundo.-O cesamento no actual destino da funcionaria que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Se na data en que debe cesar no seu destino a funcionaria está desfrutando un período de licenza, vacacións ou permiso, o prazo para efectualo empezará a contar a partir do día seguinte ao da súa incorporación.

A toma de posesión da praza adxudicada deberase realizar no prazo dos tres días seguintes ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade en que actualmente presta os seus servizos a funcionaria, ou no prazo dun mes, de tratarse de distinta localidade, conforme o establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo.

Terceiro.-O xefe do centro en que cause baixa a funcionaria, así como o daquel en que obteña destino, consignarán no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión, das cales se dará traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante esta consellería, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnalas directamente perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

ANEXO

NRP: 7878989413 A1146.

Grupo: C2.

Corpo/escala: auxiliar de administración xeral do Estado.

Apelidos e nome: Espiña Blanco, Cristina.

Código do posto: TR.C01.00.000.15770.001.

Denominación: xefe da secretaria da conselleira.

Nivel: 20.

Dependencia: gabinete da conselleira

Localidade: Santiago de Compostela.

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 22 de setembro de 2009 pola que se nomea catedrático de universidade a Luis Eulogio Anido Rifón.

De conformidade coa proposta elevada pola comisión nomeada para vulgar o concurso de acceso convocado por resolución desta universidade do 15 de xuño de 2009 (BOE do 24 de xuño) e presentada polo concursante proposto a documentación a que fai referencia a base 7ª da convocatoria,

Esta reitoría, en uso das atribucións conferidas polo artigo 65 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (BOE do 24 de decembro), de universidades, modificado pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE do 13 de abril) e demais disposicións concordantes, resolveu nomear a Luis Eulogio Anido Rifón, con DNI 33330151-T, catedrático de universidade da Universidade de Vigo, da área de coñecemento de enxeñaría telemática, adscrita ao Departamento de Enxeñaría Telemática desta universidade.

Este nomeamento producirá plenos efectos a partir da correspondente toma de posesión polo interesado que deberá efectuarse no prazo máximo de 20 días hábiles, que se contará desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Boletín Oficial del Estado*. Se o último día do prazo coincide con sábado ou día inhábil na Universidade de Vigo, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte segundo o artigo 48 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 22 de setembro de 2009.

P.S. (Resolución 17-9-2009)
José Cidrás Pidre
Vicerreitor de Planificación

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**XULGADO DO SOCIAL
NÚMERO UN DA CORUÑA**

Edicto (198/2008).

María Blanco Aquino, secretaria xudicial do Xulgado do Social número un da Coruña, fago saber que no procedemento de demanda 198/2008 deste xulgado do social, seguido por instancia de Manuel Landeira Pombo, contra a empresa Laureano Rey García, Instituto Nacional da Seguridade Social INSS, Ministerio de Defensa, sobre seguridade

social, foi ditada sentenza cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

«Decido.

En atención ao exposto, este órgano xudicial, pola autoridade que lle confire a Constitución, decidiu:

Desestimar as demandas acumuladas nº 198/2008 e 275/2008 sobre prestación de xubilación formulada por Manuel Landeira Pombo contra o Instituto Nacional da Seguridade Social, o Ministerio de Defensa e a empresa Laureano Rey García e, en consecuencia, absolver os demandados das pretensións contidas na demanda dirixida contra eles.

Notifíquese esta sentenza ás partes e fágaselles saber que contra ela se poderá interpor recurso de suplicación, que se deberá anunciar ante este xulgado no termo de cinco días desde a notificación desta sentenza, bastando para isto a mera manifestación da parte do seu avogado ou representante ao lle facer a notificación desta, do seu propósito de presentalo.

Tamén se poderá anunciar por comparecencia ou por escrito das partes ou do seu avogado ou representante ante este xulgado, que será resolto, se for o caso e cumpridos os trámites legais, pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Así o pronuncio, mando e asino por esta miña sentenza, xulgando en primeira instancia».

E para que sirva de notificación en legal forma a Laureano Rey García, en ignorado paradiro, expido este edicto para a súa inserción no BOP.

A Coruña, 28 de xullo de 2009.

María Blanco Aquino
Secretaria xudicial

Edicto (438/2009).

María Blanco Aquino, secretaria xudicial do Xulgado do Social número uno da Coruña, fago saber que no procedemento de demanda 438/2009 deste xulgado do social, seguido por instancia de Manuel José Martínez Platas, María José Roibas Martínez contra a empresa *Javier S. López Enríquez y Otro, S.C., Javier S. López Enríquez e Hijos, S.L.*, sobre despedimento, foi ditada a sentenza cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

«Decido:

En atención ao exposto, este órgano xudicial, pola autoridade que lle confire a Constitución, decidiu:

Que nestes autos acumulados nº 438/2009, 582/2009 e 783/2009, seguidos por instancia de María José Roibas Martínez e Manuel J. Martínez Platas, contra as empresas *Javier S. López Enríquez y Otros S.C. e Javier S. López Enríquez e Hijos, S.L.*, estimo as pre-

tensións da parte demandante e, en consecuencia, declaro a improcedencia dos despedimentos de que foron obxecto os demandantes. Declaro tamén, con data de efectos do día de hoxe, 29 de xullo de 2009, a extinción da relación laboral existente entre as partes e condeno as empresas demandadas, de forma solidaria, a estaren e pasaren polas anteriores declaracións e ao aboamento a favor dos demandantes das seguintes cantidades:

-Nome: M. José Roibas.

Indemnización: 7.963,87 €.

Salario: 5.359,48 €.

-Nome: Manuel J. Martínez.

Indemnización: 11.650,21 €.

Salario: 94,03 €.

Así mesmo, absolvo o Fogasa, sen prexuízo da súa responsabilidade subsidiaria nos casos previstos no artigo 33 do Estatuto dos traballadores.

Notifíquese esta sentenza ás partes e fágaselles saber que contra ela poden interpor recurso de suplicación, que se deberá anunciar ante este xulgado no termo de cinco días desde a notificación desta sentenza, por comparecencia ou por escrito das partes, do seu avogado ou do seu representante legal, designando o letrado que o deberá interpor, sendo posible o anuncio por mera manifestación daquela ao ser notificada, e que será resolto, se for o caso e cumpridos os trámites legais, pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A empresa condenada deberá tamén demostrar ao anunciar o recurso ter consignado o importe da condena na conta de consignacións deste xulgado, aberta en *Banesto*, conta nº 1532, clave 60, que se pode substituír por aseguramento mediante aval bancario, constando a responsabilidade solidaria do avalista, máis outra cantidade de 150,25 € na conta nº 1531, clave 65, e en calidade de depósito e en impreso separado do importe da condena.

Así, por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que sirva de notificación en legal forma a *Javier S. López Enríquez y Otro, S.C., Javier S. López Enríquez e Hijos, S.L.*, en ignorado paradiro, expido este edicto para a súa inserción no BOP.

Coruña, 29 de xullo de 2009.

María Blanco Aquino
Secretaria xudicial

Edicto (209/2009).

María Blanco Aquino, secretaria xudicial do Xulgado do Social número un da Coruña, fago saber, que no procedemento de demanda 209/2009 deste xulgado do social, seguido por instancia de Sergiy Vdo-

vichenko, contra a empresa *Pembrok Fishing Co. Ltd., Flomer Services, S.A., Coruñesa de Importación, Fogasa, Dársena Asistencia, S.L.*, sobre despedimento, foi ditada a sentenza cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

«Decido:

En atención ao exposto, este órgano xudicial, pola autoridade que lle confire a Constitución, decidiu:

Estimar a demanda sobre despedimento formulada por Sergiy Vdovichenko contra as empresas *Dársena Asistencia, S.L., Pembroke Fishing Co. Ltd., Flomer Services, S.A. e Coruñesa de Importación, S.L.* e, en consecuencia, declaro a improcedencia do despedimento efectuado. Así mesmo, declaro, con efectos do día de hoxe, 15 de xuño de 2009, a extinción da relación laboral existente entre as partes e condeno solidariamente as empresas demandadas a estaren e pasaren polas anteriores declaracións e a aboaren á parte demandante a cantidade de 2.995,89 € en concepto de indemnización por despedimento improcedente e 10.227,02 € por salarios de trámite.

Así mesmo, absolvo o Fogasa, sen prexuízo da súa responsabilidade subsidiaria nos casos previstos no artigo 33 do Estatuto dos traballadores.

Notifíquese esta sentenza ás partes e fágaselles saber que contra ela poden interpor recurso de suplicación, que se deberá anunciar ante este xulgado no termo de cinco días desde a notificación desta sentenza, por comparecencia ou por escrito das partes, o seu avogado ou o seu representante legal, designando o letrado que o deberá interpor, sendo posible o anuncio por mera manifestación daquela ao ser notificada, e que será resolto, se for o caso e cumpridos os trámites legais, pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A empresa condenada deberá, así mesmo, demostrar ao anunciar o recurso ter consignado o importe da condena na conta de consignacións deste xulgado, aberta en *Banesto*, conta nº 1531, clave 60, que se pode substituír por aseguramento mediante aval bancario, constando a responsabilidade solidaria do avalista, máis outra cantidade de 150,25 € na conta nº 1531, clave 65 e en calidade de depósito e en impreso separada do importe da condena.

Así, por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que sirva de notificación en legal forma a *Pembroke Fishing Co. Ltd., Flomer Services, S.A., Coruñesa de Importación, Dársena Asistencia, S.L.*, en paradiro ignorado, expido este edicto para a súa inserción no BOP.

A Coruña, 1 de setembro de 2009.

María Blanco Aquino
Secretaria xudicial

**XULGADO DO SOCIAL
NÚMERO DOUS DA CORUÑA**

*Cédula de notificación de sentenza
(649/2009).*

Eu, María Blanco Aquino, secretaria xudicial do Xulgado do Social número dous da Coruña, dou fe e testemuño que en autos seguidos ante este xulgado do Social, tramitados baixo o número 649/2009 por instancia de Vanessa Bello Abelenda e outros contra a empresa *Ludatex Carballo, S.L.* e outra sobre despedimento, ditouse a seguinte:

«Sentenza. Cidade da Coruña, 4 de setembro de 2009, Beatriz Seijo Dopico, xuíza substituta do Social número dous desta cidade, viu estes autos de xuízo número 649/2009, seguidos por instancia de Vanessa Bello Abelenda, con DNI 79331854-R, Ana Isabel Pombo Bello, con DNI 52433117-V, Nuria Bello Abelenda, con DNI 79331855-W, Susana Pombo Bello, con DNI 32841769-T, asistidas polo letrado sr. Abuín Porto, contra a empresa *Ludatex Carballo, S.L.* e contra María Jesús Márquez Varela, administradora da codemandada, ambas as dúas en situación de rebeldía, e foi citado o Fogasa, que non compareceu por despedimento.

Seguen feitos e fundamentos de dereito.

Decido que debo estimar e estimo a demanda interposta por Vanessa Bello Abelenda, con DNI 79331854-R, Ana Isabel Pombo Bello, con DNI 52433117-V, Nuria Bello Abelenda, con DNI 79331855-W, Susana Pombo Bello, con DNI 32841769-T, contra a empresa *Ludatex Carballo, S.L.* e contra María Jesús Márquez Varela e cualifico como nulos os despedimentos das demandantes e declaro extinguida a relación laboral das demandantes coa empresa demandada, con efectos do 4-9-2009 condenando a devandita empresa a estar e a pasar pola dita declaración e a lle aboar a cada unha das traballadoras as seguintes cantidades:

Indemnización: 3.138,52 euros (97,5 días).

Salarios de trámite (25-4-2009 ao 4-9-2009) 4.290,08 euros.

Notifíquelles esta resolución ás partes, as cales se lles fará saber que contra ela só cabe recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que se anunciará ante este xulgado no prazo de cinco días contado a partir da notificación desta sentenza e, no propio termo, se o recorrente non goza do beneficio da xustiza gratuita deberá, ao anunciarlo, entregar o xustificante acreditativo de consignación da cantidade obxecto da condena na conta de depósitos e consignacións que este xulgado ten aberta no *Banesto* desta cidade, co número de conta 0030-6349-0000-1532-60-649/09.

E así mesmo deberá, no momento de interpor o recurso, consignar a cantidade de 150,25 euros en

concepto de depósito na conta 0030-6349-0000-1532-65-649/09.

Así, por esta a miña sentenza definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que sirva de notificación á empresa *Ludatex Carballo, S.L.* e a María Jesús Márquez Varela, que ten o seu enderezo descoñecido, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e coa advertencia de que as seguintes notificacións se farán nos estrados do xulgado, agás as que sexan emprazamentos, autos e sentenzas, expido e asino esta cédula de notificación na Coruña, 4 de setembro de 2009.

María Blanco Aquino
Secretaria xudicial

**XULGADO DO SOCIAL
NÚMERO UN DE LUGO**

Edicto (339/2009).

Rafael González Alió, secretario xudicial do Xulgado do Social número un de Lugo, fago saber que no procedemento demanda 339/2009 deste xulgado do social, seguido por instancia de María Ángeles Gómez Álvarez contra a empresa Luis M. Borges dos Santos, sobre despido, se ditou sentenza cuxa decisión é a seguinte:

«Que estimando a demanda formulada por María Ángeles Gómez Álvarez, debo declarar e declaro improcedente o despedimento da demandante con efectos do 28 de febreiro de 2009, e condeno a empresa demandada Luis M. Borges dos Santos a que, no prazo de cinco días contados desde a notificación desta resolución, opte entre readmitir a demandante no seu posto de traballo ou indemnizala pola extinción da relación laboral coa cantidade de 2.781,75 euros e, en todo caso, a aboarlle á traballadora os salarios de tramitación deixados de percibir desde a data do despedimento ata a notificación desta resolución, en contía de 37,09 euros diarios, e deberá poñer en coñecemento do xulgado, no prazo antes citado, se opta ou non pola readmisión. Todo iso sen prexuízo da responsabilidade que ao Fondo de Garantía Salarial lle corresponda asumir dentro dos límites legais.

Notifíquelles esta sentenza ás partes, coa advertencia de que contra ela cabe interpoñer recurso de suplicación ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia-A Coruña, dentro dos cinco días seguintes ao da súa notificación, por conducto deste xulgado, logo do depósito das cantidades obxecto de condena e cos requisitos exixidos no artigo 189 e seguintes do texto refundido da Lei de procedemento laboral».

E para que lle sirva de notificación a Luis M. Borges dos Santos, en ignorado paradoiro, expido esta para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.

Lugo, 16 de setembro de 2009.

Rafael González Alió
Secretario xudicial

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 16 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Ourense, pola que se notifica a resolución dos expedientes sancionadores en materia de espectáculos públicos OU-E-118/09 e outro máis.

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícase á persoa que se relaciona no anexo a resolución dos expedientes sancionadores por infracción á Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, de protección da seguridade cida-

dá, por non ser posible a súa notificación por correo certificado.

O importe das sancións farase efectivo na conta restrinxida de recadación de multas e sancións en *Caixa Nova*, Recadación Xunta modelo XTAX, ou na conta Contable 840 código 001 de *Caixa Galicia*, no prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte a que esta resolución sexa executiva. Para efectuar o ingreso deberá empregarse os impresos normalizados que lle serán facilitados na oficina deste departamento territorial, sita na avda. Habana nº 79, 2º de Ourense.

Transcorrido o citado prazo, cobraranse pola vía administrativa de constrinximento, de conformidade co establecido na disposición segunda da orde da Consellería de Economía e Facenda do 23 de novembro de 2001 (DOG do 5 de decembro).

Non obstante o anterior, e de conformidade co disposto no artigo 114 e concordantes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe formular recurso de alzada perante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta notificación.

Transcorrido o prazo de interposición do recurso, sen que este se presente, esta resolución será firme para todos os efectos regulamentarios.

Ourense, 16 de setembro de 2009.

Rosa Mª Novoa Vega
Xefa territorial accidental de Ourense

ANEXO

Nome	DNI/NIF	Nº expediente	Precepto infrinxido	Establecemento	Sanción
Rubén Hermida Isla	76727295-P	OU-E-118/09	Artigo 26 e) da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro; na nova redacción dada pola L.O. 4/1997, do 4 de agosto	Café Garden Pub, sito en r/ Ourense, nº 41 baixo do Carballiño	300 €
Rubén Hermida Isla	76727295-P	OU-E-131/09	Artigo 26 e) da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro; na nova redacción dada pola L.O. 4/1997, do 4 de agosto	Café Garden Pub, sito en r/ Ourense, nº 41 baixo do Carballiño	300 €

Resolución do 17 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se notifica a resolución do recurso de alzada interposto contra a resolución ditada no expediente sancionador OU-2008/0180, en materia de espectáculos públicos, tramitado na provincia de Ourense.

Intentada a notificación ao titular do establecemento que se indica a continuación sen que se puidese practicar, resolvo notificar por este medio, ao abeiro do artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a resolución do recurso de alzada que se relaciona no anexo, interposto contra a resolución ditada no expediente sancionador OU-2008/0180, aberto por

infracción da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, cabe formular recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do contencioso-administrativo correspondente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2009.

Beatriz Cuiña Barja
Secretaria xeral da Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

ANEXO

Nº expediente: OU-2008/0180.

Recorrente: Claudino Carvalho Calaz.

Enderezo: estrada N-525 km 159, Vilardevós
 Establecemento: Club El Francés 2
 Data e sentido da resolución do recurso: 15-5-2009;
 desestimatoria.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Resolución do 18 de agosto de 2009, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se dá publicidade a autorizacións ambientais integradas outorgadas a diferentes actividades industriais.

De conformidade coa Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, o secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental resolveu dar publicidade no DOG ás autorizacións ambientais integradas outorgadas a diferentes actividades industriais que se relacionan no anexo e que poden consultarse no seguinte URL: <http://medioambiente.xunta.es/formularioExpediente.doc> ou ben nas dependencias da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, sitas en Santiago de Compostela, San Lázaro s/n, 2º andar.

De acordo co artigo 23 número 3º da mencionada lei, as comunidades autónomas darán publicidade nos seus respectivos boletíns oficiais ás resolucións administrativas mediante as que se outorgaron ou modificaron as autorizacións ambientais integradas.

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2009.

Justo de Benito Basanta
 Secretario xeral de Calidade e Avaliación
 Ambiental

ANEXO

-Resolución do 27 de xullo de 2009, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se formula a declaración de impacto ambiental e se outorga a autorización ambiental integrada a unha granxa de porcas en Ganade, no concello de Xinzo de Limia (Ourense). Titular: *Celso Gómez Valencia y otros, S.C.* Clave: 2008/0048_AIA/IPPC.

-Resolución do 31 de xullo de 2009, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se outorga a autorización ambiental integrada e se formula a declaración de impacto ambiental para vertedoiro de residuos non perigosos nas Encrobas, no concello de Cerceda (A Coruña). Titular: *Lignitos de Meirama, S.A.* (Limeisa). Clave: 2007/0302_AIA/IPPC.

Cédula do 14 de setembro de 2009, do Servizo de Mobilidade de Ourense, pola que se notifican as denuncias por infracción da normativa vixente en materia de transportes terrestres devoltas polo servizo de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios ou ben porque intentada a notificación non se puido efectuar. (Expediente OU-1432-O-2008 e outro máis).

Por medio desta cédula notificaselles aos denunciados, cos datos e último enderezo coñecido que se sinalan no anexo, as resolucións sancionadoras ditas polo xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ditas nos expedientes sancionadores que se citan no anexo.

Fáiselles saber que as ditas resolucións non esgotan a vía administrativa, podendo interpoñer recurso de alzada ante o director xeral de Mobilidade dentro do prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta cédula. Transcorridos tres meses desde a interposición do recurso sen que se notifique a súa resolución, entenderase desestimado e quedará expedita a vía procedente.

Estas sancións foron aboadas anticipadamente cunha redución do 25% do seu importe na forma prevista no artigo 146.3º da Lei 16/1987, modificada pola Lei 29/2003, do 8 de outubro.

Para que conste e lles sirva de notificación aos citados denunciados, e en cumprimento do disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE do 27 de novembro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, expido, asino e selo esta cédula en Ourense o 14 de setembro de 2009.

José Enrique Rivera Sáez
 Xefe do Servizo de Mobilidade de Ourense

ANEXO

-Expediente -Matrícula -Denunciante	-Denunciado -Último enderezo coñecido	-Feito denunciado -Data-Hora-Estrada-p.k.	-Precepto infrinxido	-Precepto sancionador	-Sanción imposta
En caso de conformidade con esta resolución deberá facer efectiva a multa no prazo de 15 días hábiles, mediante ingreso que debe efectuar en calquera oficina de *Caixa Galicia* cta. contable 840 código 001 ou de *Caixanova* Recaudación Xunta modelo XTAX, e empregando os impresos normalizados que lle serán facilitados nas dependencias deste departamento territorial. O pagamento voluntario porá fin ao expediente. De non facelo así, procederase ao seu cobramento por vía executiva.

Esta cédula expídese para que conste e lle sirva de notificación ao interesado, en cumprimento do disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Ourense, 2 de setembro de 2009.

María Villar Suárez
Xefa territorial de Ourense

ANEXO

1. Expediente sancionador PROM nº 34/2009.
Denunciado: *Eurolimpia Distribución, S.L.*, titular do establecemento Hotel Ruta Santiago-Restaurante.

NIF/CIF: B-32177659.

Último enderezo coñecido: estrada de Santiago km 546. CP 32100-Coles. Ourense.

Feito imputado: infracción en materia sanitaria.

Preceptos infrinxidos: artigo 19.3º a) e 19.3º b) da Lei 28/2005, do 26 de decembro.

Tipificación: grave.

Sanción imposta: 700 euros (setecentos euros).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Resolución do 14 de setembro de 2009 pola que se fai pública a adxudicación definitiva de varios contratos administrativos.

O secretario xeral, actuando en nome do conselleiro de Cultura e Turismo, por delegación de competencias segundo Orde do 2 de maio de 2009 (DOG nº 87, do 6 maio), resolveu adxudicar os seguintes contratos:

-Servizo de limpeza nos centros da Consellería de Cultura e Turismo dependentes do Departamento Territorial da Coruña (antiga delegación provincial).

Adxudicatario: *Limpiezas Blancomar, S.L.*

Importe: 259.956 euros, IVE incluído.

-Servizo de xestión do material (os fondos bibliográficos con destino ás bibliotecas do sistema bibliotecario de Galicia e outro material de tipo promocional), da Consellería de Cultura e Turismo, depositado no almacén do Tambre; vía Pasteur 61-B en Santiago de Compostela: almacén, custodia, clasificación, dispoñibilidade e distribución.

Adxudicatario: *Severiano Gestión, S.L.*

Importe: 126.825 euros, IVE incluído.

-Deseño, subministración e instalación de equipamentos culturais para o Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre, en Campo Lameiro (Pontevedra).

Adxudicatario: *Ingeniaqed, S.A.*

Importe: 1.980.000 euros, IVE incluído.

-Servizo de soporte e atención aos usuarios do sistema bibliotecario dependentes da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural.

Adxudicatario: *Tecnoloxía Plexus, S.L.*

Importe: 134.049,60 euros, IVE incluído.

-Adquisición do fondo fotográfico Arquivo Ángel Llanos para o Museo Etnolóxico de Ribadavia.

Adxudicatario: Ángel Llanos González.

Importe: 180.305 euros, IVE incluído.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2009.

P. D. (Orde 2-5-2009)

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo
Secretario xeral da Consellería de Cultura
e Turismo

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Cédula do 10 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se notifica a resolución do expediente sancionador incoado por infracción administrativa na orde social 2006/0710-1.

Intentada a notificación persoal e devolta polo servizo de correos por resultar imposible a súa práctica, de conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, pola presente cédula notifícaselle á empresa relacionada no anexo a resolución recaída no expediente sancionador en materia de seguridade e saúde laboral.

Faise saber que a dita resolución remata á vía administrativa e o interesado pode formular contra ela, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a súa publicación ante o órgano xudicial que resulta competente por aplicación e de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Advertíndolle que terá que aboar a multa imposta mediante a necesaria utilización do impreso que poderá solicitar no correspondente departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar, no número de conta e na entidade bancaria que nel se sinala, dentro do prazo de pagamento do período voluntario, xa que noutro caso se incoará o procedemento pola vía de constrinximento.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2009.

Odilo Martiñá Rodríguez

Director xeral de Relacións Laborais

ANEXO

Empresa: *Pinturas Dolpon, S.L.*

Enderezo: r/ Brasil, 10. A Coruña.

Nº expte.: 2006/0710-1.

Acta de infracción: 1445/2006/1/H.

Data resolución Dirección Xeral: 24 de xullo de 2009.

Preceptos infrinxidos: artigo 17.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

Preceptos sancionadores: artigo 12.16º f) do Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Sanción imposta: 1.503 €.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Anuncio do 11 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Ourense, polo que se empraza o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente OU-CAZ-2009-0019.

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE do 27 de novembro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ao non ser posible a súa notificación polo servizo de correos, emprázase o interesado que se sinala no anexo para ser notificado por comparecencia.

O acto foi adoptado polo xefe territorial.

A comparecencia deberase efectuar no prazo de dez días, contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, na sede do Servizo Xurídico Administrativo da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, sita na rúa Florentino L. Cuevillas, nº 4 e 6 baixo, (Ourense), das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o devandito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte.

Ourense, 11 de setembro de 2009.

Ricardo Ignacio Vecillas Rojo
Xefe territorial de Ourense

ANEXO

Expediente: OU-CAZ-2009-0019.

Interesado: Senén Ramos Álvarez.

Acto de notificación: proposta de resolución de expediente sancionador.

Anuncio do 14 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se emprazan os interesados para seren notificados por comparecencia no expediente CO-PAD-2009-0001 e tres máis.

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das

administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de intentada a notificación persoal dúas veces, emprázanse os interesados que se sinalan no anexo para seren notificados por comparecencia.

Os actos foron adoptados pola instrutora dos expedientes.

A comparecencia deberá efectuarse no prazo de quince días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, na sede deste departamento territorial, situado no edificio administrativo de servizos múltiples, Monelos, A Coruña, en horario das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o devandito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao da publicación.

A Coruña, 14 de setembro de 2009.

Enrique Luis de Salvador Sánchez
Xefe territorial da Coruña

ANEXO

Expediente: CO-PAD-2009-0001.

Interesado: Jesús Santos López.

Acto notificado: proposta de caducidade.

Expediente: CO-APP-2009-0009.

Interesado: Rodrigo Mera Iglesias.

Acto notificado: proposta de resolución.

Expediente: CO-APP-2009-0011.

Interesado: David José Núñez Vázquez.

Acto notificado: proposta de resolución.

Expediente: CO-PES-2009-0012.

Interesado: Paulo Jorge de Eira Ribeiro.

Acto notificado: proposta de resolución.

Anuncio do 14 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Lugo, polo que se empra a o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente LU-PES-2009/97.

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de intentada a notificación persoal dúas veces, emprázase o interesado que se sinala no anexo para notificarlle a comparecencia.

O acto foi adoptado polo xefe territorial.

A comparecencia deberá efectuarse no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da notificación deste anuncio na sede do Servizo Xurídico-Administrativo do Departamento Territorial do Medio Rural,

sito na rolda da Muralla, nº 70, baixo 1º de Lugo, das 9.00 horas ás 14.00 horas, de luns a venres.

Unha vez transcorrido o devandito prazo sen efectuarse a comparecencia a notificación entenderase producida desde o día seguinte.

Lugo, 14 de setembro de 2009.

Ramón Carballo Páez
Xefe territorial de Lugo

ANEXO

Expediente: LU-PES-2009/97.

Interesado: *Construcciones OP Mero, S.A.*

Acto notificado: iniciación do expediente sancionador.

CONSELLERÍA DO MAR

Resolución do 14 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se ratifica a modificación dos estatutos da Federación Galega de Confrarías de Pescadores e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Confrarías e das súas federacións.

Por Resolución do 14 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, foi ratificada a modificación dos artigos 2, 16 e 19 dos estatutos da Federación Galega de Confrarías e ordenada a súa inscrición no Rexistro de Confrarías de Pescadores e das súas federacións.

O que se fai público para o seu coñecemento xeral, e para dar cumprimento ao artigo 74.6º do Decreto 261/2002, do 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2009.

Susana Rodríguez Carballo
Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Cédula do 15 de setembro de 2009, da Delegación Comarcal de Ribeira, pola que se fai pública unha relación de notificacións de propostas de expedientes sancionadores (PESANI 2009/000651-1 e outro máis).

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novem-

bro), notifícanse ás persoas que a seguir se relacionan as propostas dos expedientes instruídos por infracción da Lei 8/2004, do 30 de xullo, de protección, control, infraccións e sancións en materia marítimo-pesqueira de Galicia (DOG nº 162, do 20 de agosto).

Os interesados dispoñen dun prazo de vinte días a partir do día seguinte ao da publicación deste edicto, para presentar ante o departamento territorial as alegacións que consideren pertinentes.

Os expedientes relacionados a seguir atópanse á disposición dos interesados na citada Delegación Comarcal de Ribeira, praza dos Mariñeiros, 11.

Nº de expediente: PESAN1 2009/000651-1.

Denunciado: Iván Martínez Torres.

DNI: 54933763-B.

Enderezo: Fincheira, 26, Rianxo.

Nº de expediente: PESAN1 2009/000652-1.

Denunciado: Iván Martínez Torres.

DNI: 54933763-B.

Enderezo: Fincheira, 26, Rianxo.

Ribeira, 15 de setembro de 2009.

P.A.

Juan José Fernández Alborés
Instrutor

Cédula do 15 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de notificacións de propostas de expedientes sancionadores (PESAN1 2009/000427-1 e outro máis).

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), notifícanse ás persoas que a continuación se relacionan, as propostas dos expedientes instruídos por infracción da Lei 8/2004, do 30 de xullo, de protección, control, infraccións e sancións en materia marítimo-pesqueira de Galicia (DOG nº 162, do 20 de agosto).

Os interesados dispoñen dun prazo de vinte días a partir do día seguinte ao da publicación deste edicto, para presentar ante o departamento territorial as alegacións que consideren pertinentes.

Os expedientes relacionados a seguir atópanse á disposición dos interesados no citado Departamento Territorial da Coruña, r/ Ramón y Cajal, s/n, 5º andar.

Nº de expediente: PESAN1 2009/000427-1.

Denunciado: Juan José Vicente Filgueira.

DNI: 76965211-N.

Enderezo: Outeiro, 8, Taragoña-Rianxo.

Nº de expediente: PESAN1 2009/000809-1.

Denunciado: Juan M. González Santos.

DNI: 52450400-G.

Enderezo: r/ Cervantes, 13, Ribeira.

A Coruña, 15 de setembro de 2009.

P.A.

Alejandro Crespí Rodríguez
Instrutor

Anuncio do 30 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, polo que se somete a información pública o proxecto para a posta en funcionamento e explotación dunha cetaria, estación depuradora e centro de expedición solicitada por Proameixa Fernández, S.L. no porto de Rianxo (A Coruña).

Para os efectos previstos no Decreto 274/2003, do 4 de xuño, polo que se regula o procedemento de obtención do permiso e concesión de actividade para os establecementos de acuicultura e auxiliares de acuicultura na zona terrestre, sométese a información pública o proxecto de petición de permiso de actividade para a posta en funcionamento e explotación do establecemento que se describe:

-Tipo: cetaria, estación depuradora e centro de expedición.

-Solicitante: *Proameixa Fernández, S.L.* (CIF B70015821).

-Actividade: mantemento de crustáceos vivos, depuración, clasificación e envasamento.

-Especies: crustáceos e moluscos.

-Localización: galpón 34 do porto de Rianxo (A Coruña).

O expediente, integrado polo proxecto e documentación complementaria, estará á disposición do público co fin de que calquera persoa física ou xurídica poida examinalo e achegar as alegacións e informacións que estime oportunas.

Prazo de exposición e para formular alegacións: 20 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel no que teña lugar a publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Lugar de exhibición:

Servizo de Acuicultura.

Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.

Consellería do Mar.

Rúa do Valiño 63-65 baixo.

Santiago de Compostela (A Coruña).

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2009.

Pablo Ramón Fernández Asensio
Director xeral de Ordenación e Xestión
dos Recursos Mariños

AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Cédula do 15 de setembro de 2009 de emprazamento para o trámite de audiencia por ignorarse o lugar de notificación do destinatario.

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, publícase o emprazamento para o trámite de audiencia a Luz Divina Paradela Dapia, ditado no expediente de reposición da legalidade urbanística 107 B 2009/8-0, en relación coas obras consistentes na construción dunha vivenda unifamiliar, piscina e alpendre, no lugar da Chaira, O Salgueiro, no termo municipal de Verín, provincia de Ourense.

O expediente relacionado atópase á disposición da interesada na citada Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, sita no edificio Witland-Salgueiriños, en Santiago de Compostela.

A interesada disporá dun prazo de dez días hábiles, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta cédula, para examinar o expediente.

Durante este prazo poderá alegar e presentar os documentos e xustificacións que considere pertinentes.

Para que conste e lle sirva de notificación á citada interesada, en cumprimento do disposto no artigo 59.5º da devandita Lei 30/1992, do 26 de novembro, expido e asino esta cédula.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2009.

Hipólito Pérez Novo
Director da Axencia de Protección da Legalidade
Urbanística

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Resolución do 2 de xullo de 2009 pola que se concede a acreditación de laboratorio de ensaios para o control de calidade da construción ao laboratorio Geotecnia y Cimientos, S.A. (Geocisa) con domicilio na estrada nacional 525, Dornelas, Bascuas, 36579, Silleda (Pontevedra).

De acordo co establecido no Decreto 441/1990, do 6 de setembro (*Diario Oficial de Galicia* do 24 de setembro) polo que se aproba o sistema para a acreditación dos laboratorios de ensaio para o control de calidade da construción, a Orde FOM 2060/2002, do 2 de agosto (BOE do 13 de agosto) pola que se apro-

ban as disposicións reguladoras das áreas de acreditación, e a Orde FOM/898/2004, do 30 de marzo (BOE do 7 de abril) e a proposta da Dirección Técnica de Construcións e Calidade e con informe favorable do Servizo de Calidade conforme co que establecen os artigos 10.1º k e 10.2º 3.b do Decreto 317/2009, do 4 de xuño (*Diario Oficial de Galicia* do 10 de xuño), a Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo

RESOLVE:

Primeiro.-Conceder a acreditación e inscribir no Rexistro de Laboratorios de Ensaos para o Control de Calidade da Construción ao laboratorio *Geotecnia y Cimientos, S.A.* (Geocisa) con domicilio na estrada nacional 525, Dornelas, Bascuas. 36579 Silleda (Pontevedra) polo prazo e condicións a que se refire o artigo 4 do anexo do Decreto 441/1990, do 6 de setembro, nas áreas de:

1.1. Área de control do formigón e compoñentes. Ensaos básicos e ensaios complementarios (EHC).

Número de rexistro L 15046 EHC 09 B +C e os ensaios complementarios que se relacionan:

Áreas:

Determinación de terróns de arxila	UNE 7-133-58
Determinación de partículas brandas en agregados grosos	UNE 7-134-58
Determinación cuantitativa dos compostos de xofre	UNE EN 1744-1:1999
Determinación de materia orgánica en áreas	UNE EN 1744-1:1999
Determinación de compostos de sulfatos	UNE EN 1744-1:1999
Determinación do coeficiente de <i>Los Angeles</i> . Resistencia ao desgaste dos agregados grosos	UNE EN 1097-2:1999
Determinación do coeficiente de forma do agregado grosso	UNE 7-238-71
Determinación do contido, do tamaño máximo característico e do módulo granulométrico do agregado grosso no formigón fresco	UNE 7-295-76
Determinación de cloruros, método volumétrico (Volhard)	UNE EN 1744-1:1999
Determinación dos sulfatos solubles en granulados	UNE EN 1744-1:1999
Determinación da forma das partículas. Índice de laxes	UNE EN 933-3:1997

1.2. Área de solos, granulados, misturas bituminosas e materiais constituíntes en vías. Ensaos básicos e ensaios complementarios (VSG).

Número de rexistro L 15046 VSG 09 B+C e os ensaios complementarios que se relacionan:

Áreas, recheos e capas granulares:

Material que pasa polo crivo 0,080 UNE nos granulados	NLT-152/89
Densidade relativa e absorción de granulados finos	NLT-154/92
Evaluación dos finos. Ensaio de azul metileno	UNE EN 933-9/99
Densidade aparente do po mineral en tolueno	NLT-176/92
Determinación aproximada da materia orgánica en áreas para formigóns e morteiros	UNE EN 1.744-1/99
Determinación de terróns de arxila en granulados para a fabricación de formigóns e morteiros	UNE 7-133-58
Determinación do contido en sales solubles dos solos	NLT-114/99
Contido de xeso en solos	NLT-115/99

Segundo.-Calquera variación nas condicións que serviron de base para a acreditación do laboratorio deberá ser comunicada a esta dirección xeral no momento que se produza.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, pódese interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución.

Fáise público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2009.

Antonio José Boné Pina

Director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 30 de setembro de 2009, da Dirección de Recursos Económicos, pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto multicriterio e tramitación urxente, para a subministración de equipamento electromédico para a adquisición de sinais biomédicos e desfibriladores con destino a diversos servizos do novo hospital de Lugo AB-SER2-09-024.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Servizo Galego de Saúde.

b) Dependencia que tramita o expediente: Dirección de Recursos Económicos. Subdirección Xeral de Investimentos. Servizo de Montaxe e Equipamento.

c) Número do expediente: AB-SER2-09-024.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: subministración.

b) Descrición do obxecto: adquisición de equipamento electromédico para a adquisición de sinais biomédicos e desfibriladores.

c) División por lotes e número: si, 13 lotes.

d) Lugar de entrega da subministración: diversos servizos do novo hospital de Lugo.

e) Prazo máximo de entrega: 45 días naturais desde o envío da folia do pedido.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: adxudicación baseada na pluralidade de criterios.

4. Orzamento base de licitación:

Orzamento sen IVE: ano 2009: 1.120.435 €.

Orzamento con IVE: ano 2009: 1.198.865,45 €.

Orzamento sen IVE: ano 2010: 376.894 €.

Orzamento con IVE: ano 2010: 403.276,58 €.

Lote nº	Descrición	Importe total sen IVE	Anualidades	
			2009	2010
1	Doppler transcranial	13.364	13.364	0
2	Consola de contrapulsación	39.252	39.252	0
3	Equipamento neurofisioloxía	55.139	36.448	18.691
4	Electromiógrafo	30.841	30.841	0
5	Sistema de monitorización neurofisioloxía intraoperatoria	33.644	33.644	0
6	Desfibriladores	240.163	191.570	48.593
7	Electrocardiógrafos	98.860	68.305	30.555
8	Monitor de presión arterial	65.592	54.660	10.932
9	Pulsioxímetros	52.974	49.050	3.924
10	Monitorización materno-fetal	62.660	37.428	25.232
11	Sistema de monitorización avanzado	431.021	281.771	149.250
12	Ergómetros	44.859	27.102	17.757
13	Monitor de parámetros fisiolóxicos básicos	328.960	257.000	71.960

5. Garantías.

a) Garantía provisional: si, 2% do orzamento de licitación.

b) Garantía definitiva: 5% do orzamento de adxudicación.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde. Dirección de Recursos Económicos. Subdirección Xeral de Investimentos. Servizo de Montaxe e Equipamento.

b) Domicilio: edificio administrativo San Lázaro, s/n, 2º andar.

c) Localidade e código postal: 15703 Santiago de Compostela.

d) Teléfonos: 881 54 27 68/881 54 27 66.

e) Telefax: 881 54 86 11.

f) Data límite de obtención de documentos e información: o último día do prazo de presentación de ofertas.

7. Requisitos específicos do contratista.

a) Solvencia económica e financeira: ver o prego de cláusulas administrativas particulares.

b) Solvencia técnica: ver o prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: antes das 14.00 horas do día 23 de outubro de 2009.

b) Documentación que deben presentar: ver o prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: rexistro xeral da Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde, edificio administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: dous (2) meses contados desde a data de apertura das proposicións.

e) Admisión de variantes: non se admiten.

f) Admisión de ofertas conxuntas: si, máximo unha (1).

9. Apertura das proposicións: a data, a hora e o lugar de realización das mesas de apertura dos sobres B e C (acto público) publicaranse no perfil do contratante www.sergas.es.

10. Outras informacións: toda información relativa ao expediente farase pública na páxina web que se cita neste anuncio.

11. Gastos de anuncios: serán por conta do adxudicatario. O importe estimado máximo está indicado no prego de cláusulas administrativas particulares.

12. Data do envío do anuncio ao *Diario Oficial da Unión Europea*: 1 de outubro de 2009.

13. Páxina web onde obter información relativa á convocatoria ou onde se poden obter os pregos: www.sergas.es.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2009.

Pablo Torres Arrojo
Director de Recursos Económicos

Resolución do 30 de setembro de 2009, da Dirección de Recursos Económicos, pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto multicriterio e tramitación urxente, para a subministración de equipamento electromédico para laboratorios e diversos servizos do novo hospital de Lugo AB-SER2-09-025.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Servizo Galego de Saúde.

b) Dependencia que tramita o expediente: Dirección de Recursos Económicos. Subdirección Xeral de Investimentos. Servizo de Montaxe e Equipamento.

c) Número do expediente: AB-SER2-09-025.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: subministración.

b) Descrición do obxecto: adquisición de equipamento electromédico para laboratorios e diversos servizos.

c) División por lotes e número: si, 14 lotes.

d) Lugar de entrega da subministración: novo hospital de Lugo.

e) Prazo máximo de entrega: 45 días naturais desde o envío da folia do pedido.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: adxudicación baseada na pluralidade de criterios.

4. Orzamento base de licitación.

Orzamento sen IVE: ano 2009: 840.678 euros.

Orzamento con IVE: ano 2009: 899.525,46 €.

Orzamento sen IVE: ano 2010: 313.894 euros.

Orzamento con IVE: ano 2010: 335.866,58 euros.

Lote nº	Descrición	Importe total sen IVE	Anualidades	
			2009	2010
1	Microscopios	223.718	148.398	75.320
2	Tratamento mostras anatomía patolóxica	178.965	149.714	29.251
3	Cámara de anaerobios	14.018	14.018	0
4	Micrótomos e crióstatos	65.419	42.055	23.364
5	Destilador de auga	12.336	6.168	6.168
6	Reenasadora de sólidos por ordenador	19.626	19.626	0
7	Equipamento esterilización e lavado/desinfección laboratorios	17.101	12.522	4.579
8	Equipamento refrixeración	366.161	254.329	111.832
9	Equipamento laboratorio diversos servizos	41.671	29.264	12.407
10	Centrifugas	124.847	90.459	34.388
11	Equipos de macrofotografía dixital	22.056	17.757	4.299
12	Estufas	40.880	31.490	9.390
13	Axitadores	15.625	12.729	2.896
14	Axitador incubador de plaquetas	12.149	12.149	0

5. Garantías

a) Garantía provisional: si, 2% do orzamento de licitación.

b) Garantía definitiva: 5% do orzamento de adxudicación.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde. Dirección de Recursos Económicos. Subdirección Xeral de Investimentos. Servizo de Montaxe e Equipamento.

b) Domicilio: edificio administrativo San Lázaro, s/n, 2º andar.

c) Localidade e código postal: 15703 Santiago de Compostela.

d) Teléfonos: 881 54 27 68/881 54 27 66.

e) Telefax: 881 54 86 11.

f) Data límite de obtención de documentos e información: o último día do prazo de presentación de ofertas.

7. Requisitos específicos do contratista.

a) Solvencia económica e financeira: ver o prego de cláusulas administrativas particulares.

b) Solvencia técnica: ver o prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación

a) Data límite de presentación: antes das 14.00 horas do día 23 de outubro de 2009.

b) Documentación que deben presentar: ver o prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: rexistro xeral da Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde, edificio administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: dous (2) meses contados desde a data de apertura das proposicións.

e) Admisión de variantes: non se admiten.

f) Admisión de ofertas conxuntas: si, máximo unha (1).

9. Apertura das proposicións: a data, hora e lugar de realización das mesas de apertura dos sobres B e C (acto público) publicaranse no perfil do contratante www.sergas.es

10. Outras informacións: toda información relativa ao expediente farase pública na páxina web que se cita neste anuncio.

11. Gastos de anuncios: serán por conta do adxudicatario. O importe estimado máximo está indicado no prego de cláusulas administrativas particulares.

12. Data do envío do anuncio ao *Diario Oficial de la Unión Europea*: 1 de outubro de 2009.

13. Páxina web onde obter información relativa á convocatoria ou onde se poden obter os pregos: www.sergas.es

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2009.

Pablo Torres Arrojo
Director de Recursos Económicos

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE ALLARIZ

Anuncio do Plan de sectorización, fase catro, do polígono industrial de Chorente (Allariz). Aprobación inicial.

Aprobado inicialmente o Plan de sectorización, fase 4, do polígono industrial de Chorente (Allariz), por acordo do pleno desta corporación local do 25 de setembro de 2009, de conformidade co disposto no artigo 86.1.a) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sométese a información pública polo prazo dun mes, contados desde a última publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Durante o dito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais, para que se formulen as alegacións que se coiden pertinentes ou obter copias.

Quedan suspendidas as licenzas naqueles ámbitos do territorio cuxas novas determinacións supoñan modificación da ordenación urbanística vixente.

Allariz, 1 de outubro de 2009.

Francisco García Suárez
Alcalde

Anuncio do Plan especial de protección, rehabilitación e mellora do medio rural de San Salvador. Aprobación inicial.

Aprobado inicialmente o Plan especial de protección, rehabilitación e mellora do medio rural de San Salvador (Allariz), por acordo do pleno desta corporación local do 25 de setembro de 2009, de conformidade co disposto no artigo 87 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sométese a información pública polo prazo dun mes, contado desde a última publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Durante o dito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais, para que se formulen as alegacións que se coiden pertinentes ou obter copias.

Quedan suspendidas as licenzas naqueles ámbitos do territorio cuxas novas determinacións supoñan modificación da ordenación urbanística vixente.

Allariz, 1 de outubro de 2009.

Francisco García Suárez
Alcalde

CONCELLO DE CULLEREDO

Extracto de resolución da Alcaldía de nomeamento de funcionarios/as.

Fanse públicos os seguintes nomeamentos efectuados por resolución da alcaldía do 15 de xullo de 2009: xefa ae Asesoría Xurídica (código do posto 1.2.01), María Nieves Fuentes Bermejo; xefe de Servizo de Economía e Facenda (código do posto 2.1.01), Roberto Babío Fernández; xefe do Servizo de Persoal e Organización (código do posto 2.2.01), Francisco Varela Piñeiro; xefa de Servizo de Promoción Económica (código do posto 6.2.01), Mónica López Andrade; e xefa de Servizo de Educación, Sanidade e Igualdade (código do posto 8.2.01), María Luisa Rodríguez Don.

A toma de posesión realizarase no prazo de tres días hábiles desde o día seguinte ao de cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación deste anuncio.

Culleredo, 17 de agosto de 2009.

Alicia Ferreiro Varela
Concelleira de Economía e Facenda, Réxime
Interior e Seguridade

CONCELLO DE LUGO

Anuncio de información pública.

Suministros La Ronda, S.L. solicitou desta alcaldía licenza municipal para a instalación dun almacén de materiais de construción con servizo de venda por xunto, na rúa da Industria, parcela 89.

En cumprimento do disposto no punto 3 do artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por un período de vinte días, co fin de que durante este -que empezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación deste edicto- poidan examinar o expediente, no Servizo de Licenzas, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que xulguen oportunas.

Lugo, 2 de setembro de 2009.

María Novo Pena
Delegada da Área de Urbanismo

CONCELLO DE POIO

Anuncio.

Por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Poio, do 27 de xullo de 2009, prestouse apro-

bación ao texto íntegro das bases reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para cubrir en propiedade unha praza de conserxe, por oposición libre, vacante no cadro de persoal laboral do Concello de Poio e incluída na oferta de emprego público correspondente ao ano 2008.

As ditas bases foron publicadas no BOP de Pontevedra nº 176, do 11 de setembro de 2009, e rexerán as probas selectivas, os requisitos necesarios para o ingreso e os procedementos de selección.

O prazo para a presentación de instancias será de vinte (20) días naturais, computados a partir da publicación da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

Os anuncios sucesivos publicaranse no BOP de Pontevedra e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Poio.

Poio, 14 de setembro de 2009.

Luciano Sobral Fernández
Alcalde

CONCELLO DE SANDIÁS

Edicto.

José Luis Baltar Pumar, en representación da Deputación Provincial de Ourense, solicitou desta Alcaldía a licenza de obra e actividade para a ampliación de centro ecuestre, que se vai situar na antiga Lagoa de Antela (Sandiás). Para cumprir o disposto no artigo 8.3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental, ábrese un trámite de información pública por período de 20 días, mediante anuncio no BOP de Ourense, no DOG e no taboleiro de edictos do concello, co fin de que durante ese tempo poidan examinar o expediente na Secretaría municipal todos aqueles interesados que se consideren afectados pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que consideren oportunas.

Sandiás, 31 de agosto de 2009.

Mª Concepción Méndez Gándara
Alcaldesa

INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Anuncio de oferta extraordinaria de emprego público.

Aprobada por decreto de Presidencia do 1 de setembro de 2009.

-Persoal laboral.

Nivel de titulación: bacharelato, FP 2º grao ou equivalente.

Denominación do posto: administrativo.

Nº de vacantes: 1.

Nivel de titulación: sen requisito de titulación.

Denominación do posto: porteiro-ordenanza.

Nº de vacantes: 1.

Ourense, 9 de setembro de 2009.

José Manuel Freire Couto
Presidente

Francisco Cacharro Gosende
Presidente

c) OUTROS ANUNCIOS

FUNDACIÓN CENTRO GALEGO DA ARTESANÍA E DO DESEÑO

Resolución do 7 de setembro de 2009 pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por este organismo no ano 2009.

Para os efectos previstos no artigo 11.1º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, acórdase darlles publicidade aos convenios de colaboración previstos no artigo 3.1º c) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, subscritos pola *Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño* ao longo do ano 2009, e que se relacionan no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2009.

Javier Guerra Fernández
Presidente do Padroado da *Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño*

ANEXO

Nº: 1.

Título: convenio entre a *Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño* e o Concello de Malpica de Bergantiños.

Obxecto: potenciar o sector artesanal galego no ano 2009.

Sinatura: 13-7-2009.

Importe: 30.000.

Decisión do xurado da II Edición dos Premios Artesanía de Galicia.

Os artesanos María Ángeles Merino Ballesteros, José Elías González Prieto, María Dolores López Vázquez e Sabela Ortigueira Viqueira resultaron os gañadores da segunda edición dos premios Artesanía de Galicia, nas categorías de Artesanía de Galicia, Innovación e Novos Creadores, respectivamente. Os galardóns están organizados pola Consellería

de Economía e Industria, a través da *Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño*, co obxectivo de recoñecer a creatividade, a innovación e a calidade do produto artesán galego.

O xurado, reunido o venres 28 de agosto en Santiago de Compostela, tamén decidiu nomear tres pezas finalistas unicamente na categoría Artesanía de Galicia. A primeira foi a de Xavier de Sousa Entre brancos e pretos, Caixa con tapa calada, elaborada polo torneiro Francisco Javier Pérez Martín, do taller de tornería Taxus, e Outono na Ribeira Sacra, un lenzo da artesá María Pilar Rodríguez Gonda.

Cinzas de María Ángeles Merino Ballesteros foi a gañadora do premio Artesanía de Galicia, dotado con 10.000 euros. O obxectivo do galardón desta categoría é recoñecer o conxunto dunha obra que combine a calidade co deseño, ao tempo que fusione a cultura tradicional coas tendencias máis actuais, o cal se reflicte na orixinal proposta que ofrece a peza seleccionada. A través de Cinzas, a artesá propón empregar unha parte das cinzas da incineración para a elaboración do propio recipiente das cinzas, que se presenta, ao mesmo tempo, como unha peza escultórica. O proxecto gañador presenta diversos modelos de pezas elaboradas en barro e recubertas con esmaltes mesturados con cinzas de óso de alta temperatura.

O Premio Innovación, cunha dotación de 6.000 euros, foi para a peza Fotomeleira, unha lámpada de uso e deseño moderno baseada nunha das pezas máis tradicionais da olería de Gundivós: as meleiras utilizadas nas cociñas da Ribeira Sacra. O oleiro José Elías González Prieto preparou a peza seguindo as técnicas tradicionais da olería de Gundivós, caracterizada polo uso do torno baixo, e trasladouna ao obradoiro de María Dolores López Vázquez para lle aplicar as pezas elaboradas a partir da fusión do vidro con grans de cor mel, e convertela nunha peza actual cun uso máis acorde co noso xeito de vida actual.

A través da modalidade denominada Novos Creadores, dotado con 4.000 euros, a consellería pretende atopar os novos valores do sector artesanal de Galicia ao tempo que pretende fomentar este tipo de actividades entre a xente máis nova, xa que está destinado a profesionais que non superen os 35 anos de idade. A obra seleccionada foi Para quen entrou no baile, un conxunto de complementos elaborados en cerámica pola artesá Sabela Orgueira Viqueira, do obradoiro artesán Eira Cerámica. Trátase dunha colección de broches, pendentes e colgantes baseados na música tradicional galega, elaborados por gravación de láminas de gres e decorados con óxido de ferro, engobes e esmaltes.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2009.

Javier Guerra Fernández
Presidente do Padroado da *Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño*